

Informe da Directora

Xunta de Escola, 15 de marzo de 2023

1 Actividades de representación

- Asistencia da directora en representación do centro aos actos de apertura (28 de febreiro) e clausura (1 de marzo) do Foro Tecnolóxico de Emprego 2023.
- Asistencia de Generosa Fernández, Enlace de Igualdade da escola, aos actos de celebración do 8M na UVIGO.

2 Reunións de traballo

- 8 de marzo. Asistencia de María Araújo á reunión convocada pola Dirección de Titulacións da UVIGO sobre o desenvolvemento das titulacións G2030.
- 9 de marzo. Asistencia de Guillermo García á reunión da Comisión de Calidade da UVIGO.
- 13 de marzo. Asistencia da directora á reunión convocada pola “Fundación Minería y Vida”, en calidade de vicepresidenta da CODEIME.

Agradécese o traballo realizado polas persoas que participaron nestas actividades.

3 Mobilidade

24 de Febreiro: 5 estudantes da EEME solicitaron a realización dunha estancia Erasmus+ para o vindeiro curso:

- Sergio Freiría Rial do Máster de Enxeñaría de Minas solicitou para a República Checa
- Marta Vila Gallego, Elena Fernández Bastos e Alejandro Otero Álvarez do grao de Enxeñaría da Enerxía solicitaron para Romanía, Polonia e Suecia.

Agradécese a Francisco Deive o seu labor como responsable de RRII do centro.

4 Actividades de Divulgación Científica e Captación de Alumnado

4.1 Sesións informativas graos (a través do SIE)

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante
01/03/2023	IES Castela	2ºBach	28	Francisco Deive
07/03/2023	Colexio Bouza Brey (Vigo)	4º ESO	6	Raquel Pérez
07/03/2023	IES A Guía (Vigo)	2º Bach	8	Raquel Pérez
10/03/2023	IES Primeiro de Marzo (Baiona)	2º Bach	23	Raquel Pérez
13/03/2023	IES Valmiñor (Pontevedra)	2º bach	17	Raquel Pérez

4.2 Conferencias nos IES

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
09/03/2023	Colexio Salesianos María Auxiliadora (Vigo)	1º ESO	58	Elena Alonso	Recursos Minerais en Galicia
10/03/2023	CPR Santiago Apóstol (Pontearreas)	4º ESO	24	Denis Barros	Minaría Espacial
15/03/2023	IES Castelao (Vigo)	1º Bach	90	Teresa Rivas	Aspectos medioambientais da explotación de recursos

4.3 Aula Aberta á TecnoCiencia

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
13/03/2023	IES Lama das Quendas (Chantada)	1º e 2º Bach	36	Xurxo Rigueira Pablo del Río Daniel Lamas	Intelixencia Artificial Xeotecnoloxías

4.4 Participación en Feiras

Data	Nome	Colexio/IES	Curso	Actividade	PDI participante
02/03/2023	IX Feira de Minerais (Santiago)	IES Milladoiro IES A Pobra	ESO e Bach	Minería espacial	María Araújo
02/03/2023	IX Feira de Minerais (Santiago)	IES Aquis Celenis IES Terras de Maside IES O Couto		Obradoiro Recoñecemento de Minerais	Iago Pozo, Enrique Alonso, María Araújo, Paula Vázquez
03/03/2023	IX Feira de Minerais (Santiago)	IES Lamas de Ábade IES Pontecaldelas IES Arzúa	ESO e Bach	Recursos minerais de Galicia	Elena Alonso
03/03/2023	IX Feira de Minerais (Santiago)	IES Fonmiñá IES Fontiñas.		Obradoiro Recoñecemento de Minerais	Iria Vázquez, Borja Barreiro, Raquel Pérez

4.5 Outras actividades

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade	Lugar / Responsable
24/02/2023	Asociación Inventiva (Pontevedra)	6-16 anos (escolares de altas capacidades)	24	Ana Larrañaga e Jesús Rico Daniel Lamas	Combustión Luz e Cor	EME (SIE)

Agradécese ás persoas que participaron nas actividades de divulgación e a Raquel Pérez o seu labor na organización e coordinación.

5 STEMBach

O alumnado STEMBAH do bienio 2021-2023 está presentando e defendendo os traballos na Escola.

IES	Data defensa	Título	Titor/a na UVIGO	Alumnado	Profesorado da EME no tribunal
IES República Oriental de Uruguai (Vigo)	27/02/23	“Estudio de biomasa algal residual como fuente de biocombustible”	Francisco Deive	Gonzalo Chorén	Salomé Álvarez
IES Plurilingüe Aquis Celenis (Caldas de Reis)	27/02/23	Obtención de bioetanol a partir de residuos orgánicos	Francisco Deive	Emma Veiga Laura aMoure	Salomé Álvarez
IES Valadares (Vigo)	10/03/23	Avaliando o Street Art da túa zona	Santiago Pozo	Alexandra Fernández Sofía González María González	Elena Alonso
IES Johan Carballería	13/03/23	“Eficiencia del pellet de chopo”	Raquel Pérez e David Patiño	Hugo Bastón Andrés Paz Javier Santos Mario Santos	Pablo Eguía

Agradécese ás persoas titoras dos traballos STEM e ao profesorado que participa nos tribunais de avaliación o seu traballo.

6 Igualdade

6.1 CineFórum (In)Visibilidade das Mulleres STEM na Cinematografía

O Cine Fórum comezou o martes 7 de marzo coa proxección da película “*La costilla de Adán*” e o 14 de marzo coa proxección da película “*El Círculo*”. As seguintes sesión terán lugar os días 4 e 9 de maio.

Agradécese ás persoas participantes no desenvolvemento das actividades e a Generosa Fernández a coordinación e organización das mesmas.

6.2 Mesa redonda

Participación da directora da Escola na mesa redonda realizada no Diario de Pontevedra e organizada pola Deputación de Pontevedra. O contido da mesa recolleuse nun artigo do Diario de Pontevedra o día 6 de marzo.

6.3 MULLE.RME

O día 8 de marzo realizouse o acto de entrega dos premios do concurso fotográfico Mulle_RME 2023 que pretende visibilizar a actividade das mulleres en actividades relacionadas coa explotación dos recursos.

6.4 Solicitude Igualdade

Concedéronse 948€ para realizar a actividade do Cine Fórum no marco da convocatoria de axudas da Unidade de Igualdade da UVIGO.

7 Sistema Garantía Calidade

7.1 Participación enquisas Satisfacción coas titulacións

Ámbito	% Estudantado	% Profesorado	% Persoas egresadas
GEE	5%	24%	0%
GERME	7%	40%	0%
MUEM	25%	47%	17%
EEME	7%	35%	3%
UVIGO	6%	25%	8%

Os datos indicados na táboa son de participación a 6 de marzo. Prégase aos diferentes colectivos participen na realización das enquisas, que están abertas ata o mes de maio.

7.2 Solicitud de Selo EUR-ACE

Recibiuse o informe provisional o 24 de febreiro, cunha valoración de *B*. A concesión do selo ten unha validez de 6 anos.

7.3 Espazos INFO en MOOVI das titulacións de Grao

Publicación o 3 de marzo da sección de “*Preguntas Frecuentes*” na que se recollen as respostas ás preguntas que máis fai o estudantado no Negociado da Escola e ás persoas coordinadoras ou titoras; tamén inclúen ligazóns ás páxinas web onde poden atopar máis información. As preguntas están agrupadas por temáticas para que sexa máis doado atopalas.

Agradécese a Guillermo García o traballo realizado como Coordinador de Calidade.

8 Eleccións de representantes do estudantado en Consello de Departamento

Na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía celebráronse o pasado 10 de marzo eleccións de representantes do estudantado de 1º e 2º ciclo e de 3º ciclo para os seguintes Consellos de Departamento:

- T01 – Deseño na Enxeñaría
- T05 – Enxeñaría de Materiais, Mecánica Aplicada e Construción.

A mesa, que estivo aberta para a votación entre as 10:00 e as 18:00 horas, constituíuse cos seguintes membros:

- Presidente: José Bienvenido Díez Ferrer (PDI-A)
- Secretaria: Carmen Alonso Pérez (ESTUDANTE)
- Vocal: Alejandro Molares Rodríguez (PDI-B)
- Vocal: M^a del Carmen Romo Pérez (PAS).

9 Delegación de Alumnado

9.1 Foro Tecnolóxico de Emprego

Celebrouse o FTE os días 28 e 29 de febreiro e o 1 de marzo.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/34-empresas-buscan-foro-tecnoloxico-emprego-talento-alumnado-escolas-enxenaria>

9.2 Celebración 8M

O 8 de marzo, dentro dos actos de celebración do Día Internacional das Mulleres, Delegación de Alumnado organizou unha chocolatada solidaria, para recoller fondos para a asociación MUM (Mulleres Unidas contra o Maltrato). Recadáronse 250€ que se doarán á devandita asociación.

Agradécese á Delegación de Alumnado a organización destas actividades.

10 Prensa

No Faro de Vigo do 7 de marzo e no Diario de Pontevedra no 9 de marzo recóllese a participación da directora da Escola en sendas noticias sobre muller e enxeñaría.

No Faro de Vigo o 9 de marzo recolleuse unha noticia sobre a inserción laboral e sinálase o Grao en Enxeñaría da Enerxía como un dos títulos con 100% de inserción laboral.

Na Voz de Galicia publicouse unha noticia sobre os salarios, recollendo ás persoas egresadas do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos como un dos títulos con mellores salarios.

No Faro de Vigo do 9 de marzo recóllese a participación de Carmen Pérez nunha noticia sobre mulleres con cargos de responsabilidade en investigación.

11 Próximas actividades

11.1 Conferencia

Conferencia: “Voluntariado internacional e traballos fin de máster/grao en cooperación para o desenvolvemento coa ONG Enxeñaría Sen Fronteiras”.

Poñentes: Sergio Fernández Alonso e Xoel González Viéitez.

Os eixos de traballo da Asociación Enxeñaría Sen Fronteiras Galicia

- Como se pode colaborar coa Asociación
- Programa de voluntariado internacional coñecendo outras realidades (neste caso contando con Xoel González Viéitez, antigo alumno da EME)
- Posibilidade de facer traballos académicos con co-tutorización de persoas de Enxeñaría Sen Fronteiras no eido da transición enerxética xusta e a sustentabilidade social e ambiental.

Lugar: Aula de Grao da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Data e hora : 12 maio de 13:00 a 14:00 h.

11.2 Cinefórum

- 2 de maio: *“Rafea: solar mama”* (Mona Eldaief, Jehane Noujaim, 2012). Este documental conta a historia dunha muller beduína, Rafea, e as súas compañeiras, que teñen a oportunidade de ser formadas nun programa do Barefoot College (India) nas ferramentas da enxeñaría que lles permitan levar a luz ás súas aldeas.
- 9 de maio: *“Picture a scientist”* (Ian Cheney, Sharon Shattuck, 2020). Narra as dificultades que encontran as mulleres científicas ao longo da súa carreira. O eixo central xira arredor da bióloga Nancy Hopkins, a química Raychelle Burks e a xeóloga Jane Willenbring que falan das súas experiencias.

Todas as proxeccións teñen lugar no museo MARCO ás 18:30.

11.3 Delegación de Alumnado

Para o día 15 de Marzo, ás 13:00 horas, no segundo andar da Escola Delegación de Alumnado organiza un torneo de Xadrez. Haberá premios para os gañadores e realizarase unha final contra o/a gañador/a do torneo de xadrez de industriais ao día seguinte.

O prazo para reservar suadoiros é ata o **mércores 15 de Marzo**.

11.4 Visita á instalacións

O 31 de marzo realizarase unha visita á antiga mina de Meirama co estudantado de 2º curso dos dous graos da Escola.

11.5 Captación estudantado CES

22 de marzo, ás 16:30, no espazo da antiga reprografía: presentación do proxecto CES para incentivar a participación de alumnado da escola. CES (*Clean Energy Ship*) é un equipo interdisciplinar formado por alumnado da Universidade de Vigo en colaboración con *Marine Instruments*. Teñen como obxectivo deseñar e fabricar barcos propulsados por luz solar para participar en competicións internacionais e fomentar o mundo da náutica e as enerxías renovables na comunidade universitaria.